

LOSADA ALDREY, M. Carmen / ALBA CID FERNÁNDEZ / XURXO FERNÁNDEZ CARBALLIDO (2016): *Para dar trela. Manual Práctico de fraseoloxía Galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 292 pp.

*Para dar trela. Manual Práctico de fraseoloxía Galega* supón unha contribución moi interesante á aínda escasa biblioteca de recursos didácticos para o estudo da lingua galega. Neste caso trátase dunha obra bastante específica, destinada unicamente á aprendizaxe de fraseoloxía e paremioloxía galegas, especialmente fraseoloxismos e frases feitas.

Ambos os dous contidos son fundamentais para a ampliar o coñecemento lingüístico dos falantes nativos e mellorar as diferentes destrezas comunicativas para o estudantado de galego como segunda lingua. Ademais, repercuten positivamente no coñecemento do contexto sociocultural dos idiomas. Por todos estes motivos, as unidades fraseolóxicas aparecen contempladas non só no *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas* (MCERL), senón tamén en case todos os libros de texto para o ensino-aprendizaxe de linguas.

O presente manual, elaborado por un equipo de traballo con ampla experiencia neste ámbito lexicográfico, está concibido para un nivel intermedio de lingua. Vén precedido dun limiar de Xesús Ferro Ruibal, especialista moi recoñecido na materia. Pola súa configuración (incluíndo solucionario, unidade de coñecementos previos e test de repaso, glosario xeral de formas e resumo de contidos ao final de cada capítulo), parece pensado para o estudo individual. De feito, tal e como se recolle na introdución ao método, preténdese desenvolver unha aprendizaxe autónoma.

As dúas principais eivas deste libro teñen que ver non co notable traballo de pesquisa realizado, senón cos seus parámetros formais e didácticos.

O deseño e maquetación da obra, un tanto recargado, non axudará no caso de persoas con dificultades visuais, ou para aquelas que desexasen traballar directamente sobre o libro,

a modo de caderno. Sería recomendábel menos contido por páxina, con máis espazo para escribir, aínda que, dada a súa extensión, é probábel que estes criterios veñan condicionados por algún tipo de limitación de formato.

De cara ao uso na aula, se ben se explica ao principio a estrutura e a organización das seccións para cada unidade, bótase en falta unha pequena guía orientada á docencia, máis especializada, actividades menos repetitivas (o enfoque clásico de relacionar conceptos e os exercicios *filling the gaps* predominan) e unidades máis breves. Así, en lugar de termos nove grandes bloques de contidos cunhas vinte actividades de media, poderían pensarse secuencias máis curtas, con oito ou dez tarefas partindo dun coñecemento inicial cara a unha tarefa final, onde poñer en práctica o aprendido.

Todas estas cuestións que se mencionan non desmerecen os acertos deste traballo, como a súa presentación eminentemente práctica ou a presentación do material lexicográfico, clasificada, definida e ben exemplificada. A inclusión de fragmentos textuais non deseñados ex-profeso para os exercicios, ilustracións, así como o emprego comparado doutras linguas resulta moi enriquecedor. Igualmente, seccións como “Sabías que...?” ou “Para falar...” complementan os contidos principais de cada núcleo temático. A selección dos temas resulta moi atractiva e atinada, tocando ámbitos polivalentes, tanto do cotián, tempo atmosférico, o diñeiro, como máis xerais, como a comunicación, as emocións ou os problemas, o éxito e mais o fracaso. Ademais, ten presente en todo momento as directrices do MCERL, o que, sen dúbida, é unha razón de peso para que sexa unha ferramenta de referencia para o ensino da lingua galega a diferentes niveis. Outro punto forte son os textos iniciais de cada unidade, fan moi amena a introdución de cada

proposta didáctica e poderían dar pé a outras posibilidades de explotación, á marxe das propostas no libro, por exemplo, para niveis inferiores ao B1.

Cómpre considerar *Para dar trela* un proxecto moi suxestivo. Ofrece moitas posibilidades de lectura e traballo, o que o fai adecuado para un público amplo. Sería desexábel que houbo un novo volume destas características, para niveis A1 e A2, onde faltan tantas ferramentas fundamentais para o ensino

aprendizaxe da lingua galega. Por sorte, algúns equipos de traballo, coma este, souberon ver a necesidade de facer materiais exhaustivos e versátiles. Deste xeito, aínda manténdose na franxa “confort” de lingua, B1 e B2, encamiñaron o seu labor cara á construción de produtos que, consistentes e útiles, con certeza serán de gran axuda.

Lidia LÓPEZ TEIXEIRO  
Universidad Complutense de Madrid  
lilope03@ucm.es